



**PROXECTO "o NIÑO DE CECILIA"**



**CEIP JUAN REY (Lourenzá)**

# OS PAXAROS E OS SEU NIÑOS

## 1. XUSTIFICACIÓN.

O tema do noso proxecto xurde cando unha nena da aula de 4 anos cóntalle a súa titora cos seus pais fixeron unha viaxe a Francia e trouxéronlle un niño artificial de paxaros. Partindo deste punto os nosos nenos empezan a facer preguntas como; qué é un niño?, para qué serve?, quen o fai?, con qué?..... E o equipo do ciclo de Infantil decidimos, nunha reunión de ciclo, que tiñamos que ponernos a investigar cos nenos todas esas interrogantes e así nace o noso proxecto co nome de **“O niño de Cecilia”** e que foi desenvol ó longo do 3º trimestre do curso.

O noso primeiro paso foi traballar na assemblea o tema e comprobar cales eran as ideas previas que os nosos nenos posuían. Unha vez valorado chegamos a conclusión de que, en xeral, as ideas previas eran moi pobres e tomamos esta valoración como punto de partida do noso proxecto para establecer as metas que queríamos perseguir, a selección de contidos, os recursos e materiais e a planificación do noso traballo.

## 2. OBXECTIVOS.

**OBXECTIVO XERAL:** Observar o seu entorno máis inmediato, identificando as características dos elementos co forman, mostrando unha actitude de curiosidade e coidado do mesmo.

**OBXECTIVOS:**

- Planificar e secuenciar as propias acción
- Planificar e ordear a súa acción en función da información recibida.
- Valorar a importancia do medio natural e a súa calidade para a vida.
- Utilizar a linguaxe oral e escrita como medio de expresión e comunicación.
- Coñecer algunhas das aves da contorna.

- Aprender a traballar en equipo dende o concepto da colaboración e participación.
- Resolver autónomamente determinadas situación.

### **3. CONTIDOS.**

- Observación directa e sistemática das aves.
- Discriminación e clasificación das aves atendendo as súas características.
- Planificación secuenciada para resolver tarefas.
- Textos orais; contos, adiviñas, poesías.....
- Resolución de problemas a través da investigación.
- Dialogos, charlas e debates.
- Elaboramos un libro das aves.
- Aprendemos cancións.
- Elaboramos o noso disfraz.
- Observación e conservación da contorna.

### **4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

- ❖ Concretar exemplos nos que a vida humana actúe positiva ou negativamente sobre o medio.
- ❖ Recoñecer e identificar diferentes tipos de aves.
- ❖ Planificar e realizar diferentes tipos de pequenas investigación.
- ❖ Actuar autónomamente en diferentes situacións de conflito.
- ❖ Formular situacións problemáticas.

- ❖ Participar en situacións de comunicación, dirixidas e espontáneas.
- ❖ Narrar e describir diferentes situacións.
- ❖ Utilizar as TICS como recurso.

## **5. COMPETENCIAS BÁSICAS.**

As competencias básicas traballadas no noso proxecto foron:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e interacción col mundo físico.
4. Tratamiento da información e competencia digital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

## **6. INDICADORES DA AVALIACIÓN.**

- ✓ Realiza investigación autónomamente.
- ✓ Actúa con curiosidade.
- ✓ Resolve situacións, conflitos problemas,....
- ✓ Comunícase de xeito fluído
- ✓ Exprésase de xeito claro e ordeado.
- ✓ Coida e respeta o medio.

## **7. METODOLOXIA.**

Neste proxecto plantexamosnos as seguintes esstratexias metodolóxicas

- ✓ Método expositivo-interrogativo, a través desta metodoloxía presentamos a información xa elaborada os nosos alumnos. O seu soporte fundamental é a linguaxe oral.

- ✓ Estrategia indagadora, a través dela, pretendemos cos nenos se enfrenten a situacións novas e problemáticas, nas que deban utilizar reflexivamente os seus coñecementos previos e contrastarlos cos que vai a adquirir.
- ✓ Con respecto a l organización que realizaremos cos nosos alumnos a hora de traballar, debemos expresar que formaremos grupos pequenos o grandes e incluso se realizarán actividades de forma individual.
- ✓ Por outra parte, é convinte resaltar que, a metodoloxía será activa.

## **8. MATERIAIS E RECURSOS.**

Utilizamos todos os medios dos que dispoñemos no centro (aulas, Biblioteca, TICS,...) así como todo tipo de material, funxible, reciclado..., e tamén utilizamos os recursos e materiais do entorno.

## **9. VALORACION.**


A valoración do noso proxecto foi moi positiva xa que despertou o interés dos nenos e sobre todo disfrutaron e divertíronse moito. O noso obxec tivo foi intentar englobar dentro do proxecto todos os campos que puidésemos abarcar e fomentar a participación e colaboración de todos os nenos.

Os nenos tiveron a oportunidades de disfrutalo e vivilo con interese.


(proxecto na URL <http://acasadefabola.blogspot.com.es/>)

## 10. DESENRROLO DO PROXECTO.

O noso proxecto comenza cun conto elaborado polos nenos; en 4 anos debuxouse, en 3 anos coloreouse e en 5 anos escribiuse. O conto leva por título " O niño de Cecilia", onde contamos a historia da viaxe dos pais de Cecilia a Francia, de cómo Cecilia queda triste e con súa avó e do regalo que lle traen seus pais, un niño!!!.



Partindo do conto elaboramos fichas cos nenos para situanos en Francia: Cómo chegamos?, onde está Francia?.....



Despois de traballar a primeira parte do noso conto decidimos facer un mural para recrear un ecosistema onde os protagonistas fosen os paxaros. Para a elaboración do noso mural utilizamos todo tipo de materiais de refugallo, elaborados, naturais ( temos 6 niños e dous ovos reais).....






Puidemos apreciar a diferenca entre un niño artificial e un niño natural, e os nenos recrearon en barro.




Deseguido investigamos un pouco sobre as aves, o que xa sabíamos e novas cousas que aprendemos.




As súas partes do corpo e as súas características....

Qué aves son salvajes e cales son domésticas e tamén as describimos.





Investigamos utilizando os recursos que nos proporcionau a biblioteca e a pizarra dixital.



Tamen utilizamos recursos da redes como videos de youtube, actividades LIM ( Xogamos/aves e sons) e elaboramos actividades en ardora de asociación de sonido/ave (canario, aguia, pato, galiña,...) Traballamos conceptos matemáticos, medindo, comparando, máis/menos, contamos,.....






Tamen investigamos sobre as aves da nosa contorna e fixemos visitas o medio buscando paxaros e escoitando os seus sons.




Elaboramos un libro de paxaros, centrándonos nos da zona e contos das diferentes fases do ovo.






Tamen elaboramos un libro de receitas, onde os protagonistas foron os ovos e as aves.....






Levaron tarefa para casa dunha ficha que levou o título "Observo un ave" co obxectivo de cos pais saísen ó campo cos seus fillos e realizasen unhas actividades conxuntas.




Elaboráronse diferentes traballos de manualidades para adornar as aulas e os pasillos.



E traballamos a poesía, as adiviñas os trabalinguas e as cancións. Elaboramos un disfraz para a actuación dos nenos de tres anos, que levaron a canción "O pitiño amareliño".



Metimos ovos na incubadora do colexio durante 28 días o longo do mes de Maio, pero non tivemos sorte, como recompensa o noso desafortunado experimento viunos visitar o patio unha cria de paxariño.



E por fin, como remate cada neno levou a súa carpeta co proxecto.



O EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL.